

Colaboración entre a ALEG e Cultura para a proxección exterior da literatura galega

Publicado por **Redacción**



A Consellería de Cultura colaborará con la Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) para difundir, promover e proxectar fóra das nosas fronteiras a literatura galega.

No marco do convenio asinado hoxe, a Secretaría Xeral de Política Lingüística apoiará á AELG no desenvolvemento da VIII edición do ciclo "Escritores na Universidade", un foro de conferencias e de mesas redondas coas que autores/as de referencia da literatura galega actual achegarán unha vez máis os xéneros narrativo, poético e teatral á universidade para promoveren o uso do galego a través da literatura. O programa inclúe para 2013 un total de tres mesas redondas arredor da narración, da poesía e do

teatro, respectivamente, que terán lugar na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo e que se completarán con cadanseu coloquio aberto co estudantado.

Ademais, o convenio inclúe a participación da AELG na X edición do curso de formación continua "As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora", organizado pola Universidade de Santiago de Compostela en colaboración co Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. A AELG colaborará neste curso, que se desenvolverá do 9 de xullo ao 12 de xullo, cun seminario centrado nos premios literarios e de ilustración.

A colaboración entre AELG e Cultura promoverá tamén que cinco escritores/es da asociación se acheguen aos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas de Cáceres e de Dublín - dependentes da Rede de Centros de Estudos Galegos da Xunta de Galicia- para participaren en proxectos de difusión exterior e de coñecemento da literatura en lingua galega, da man dos propios/as autores/as.

Amais deste convenio de colaboración, por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Consellería de Cultura asinará tamén outro convenio de colaboración coa AELG a través da Secretaría Xeral de Cultura. Este departamento vén apoiando a entidade na realización de iniciativas como os Encontros Galeusca, onde se amosa a vitalidade creativa das culturas galega, vasca e catalá; o proxecto Polafía, que ten como obxectivo recuperar usos de creación musical e literaria de carácter popular; ou os Premios AELG, uns galardóns de especial transcendencia para a cultura galega.